



## Nova modificación do Acordo de Persoal Interino. A Consellaría, co apoio dos demais sindicatos, segue poñendo parches ás condicións de acceso do persoal interino, sen introducir melloras.

O persoal docente interino galego ten reguladas as condicións de acceso ás listaxes de interinidades e substitucións nun texto que parte xa do ano 1995 e que sufriu moitas modificacións desde aquela. As principais foron logo dunha campaña intensa de mobilizacións, con peches en centros educativos e folgas no ano 2006 con apoio maioritario do colectivo interino. Foi daquela cando se incorporou como principal mellora o cobro dos dous meses de verán (xullo e agosto) para quen tivese traballado 5 meses e medio. A **CIG-Ensino**, por decisión da asemblea do profesorado interino en folga, non asinou aquela mellora ao non incluír o motivo fundamental desta: a incorporación ao texto dun **compromiso de estabilidade** que, como mínimo, recollese ao persoal de máis idade e con moitos anos de traballo como interino. A partir dese ano todos os cambios que se introduciron (é raro o curso no que non se fai unha modificación) foron exclusivamente para solucionar problemas de

xestión da Consellaría ou para se adaptar á apertura dalgunha especialidade.

Malia que desde o inicio da crise a Xunta decidiu eliminar o **pagamento do verán**, a pesar de figurar este no texto do acordo, en ningún momento moveu ficha a Consellaría para dar resposta a esa demanda sindical e nisto contou coa complicidade dos asinantes do acordo.

A negativa da Consellaría a negociar este dereito é unha falta e respecto ao persoal interino e ás organizacións sindicais, especialmente ás que seguen aceptando esta farsa mais tamén á CIG-Ensino como sindicato maioritario nesta Mesa. A Xunta debe ser consecuente: ou elimina o punto 18º do Acordo ou modifica a lei de orzamentos para restituír o dereito ao cobro do verán do persoal substituto. **Desde a CIG-Ensino insistimos novamente na recuperación deste dereito.**

### OUTRA OPORTUNIDADE PERDIDA.

A Consellaría respondeu favorabelmente á demanda da CIG de non excluír das listas a quen non se matriculou correctamente. Sen embargo, négase a mellorar o Acordo de Persoal Interino.

A **CIG-Ensino**, malia deixar claro desde sempre que para contar co apoio do sindicato debe introducirse a cuestión da estabilidade na negociación e, por suposto a devolución do pago ao persoal substituto nos meses de verán tras traballar 5 meses e medio, formulou en todas as reunións propostas para mellorar o texto do acordo e así o facemos nesta. Sempre nos chama a atención a impasibilidade e inmovilismo a este respecto de todas as partes que defenden e dan o seu respaldo ao texto tal e como está.

## **Ninguén ficará fóra das listas por erro na matrícula das oposicións na sede electrónica**


Na Mesa celebrada o 6 de xuño a CIG-Ensino propuxo que a excepción acordada o ano pasado coas 58 persoas que non presentaron correctamente a matrícula na sede electrónica se aplicase a aquelas que non o fixeron este ano. A Consellaría xa afirmou naquela reunión que, diante da unanimidade sindical, estaba disposta a asumir a proposta. Este ano a cifra é de 48 persoas.

Creemos que esta medida é, por tanto, positiva e conta co noso apoio.

## **Cambio nos chamamentos.**

A Consellaría presenta reiteradamente queixas polos problemas que teñen desde os servizos centrais cos chamamentos de substitucións. Achega a información de que hai aproximadamente 3.000 persoas nas listas que non traballan o que, afirman, causa moitos problemas de xestión.

Co cambio pretenden axilizar as chamadas, adiantando a comunicación mediante SMS e email logo dunha primeira chamada (agora é na segunda) e aclarando que só chamarán de novo



unha hora despois se existen vacantes (o que de feito xa é así). A penalización de 7 días no caso de non atender ningunha das dúas chamadas mantense, na práctica, igual. O certo é que a Consellaría alega que hai moita fraude e picaresca de xente que non quere traballar e desde a CIG-Ensino lembrámoslle que non pode pagar por esa xente a maioría das persoas das listas que están pendentes das chamadas. Nun país con déficit de cobertura móbil estase provocando unha discriminación.

Como xa fixemos no 2017 cando se modificaron os chamamentos creemos que a acumulación de penalizacións debe levar como sanción pasar ao final da lista ou unha exclusión temporal mais non a exclusión definitiva.

## **A CIG-Ensino propuxo outras melloras na xestión das listas.**

---

Todos os cambios propostos nestes últimos anos nos chamamentos están pensados en incorporar maiores esixencias ao persoal substituto, nunca é asegurar melloras na xestión das listas por parte da Administración. Somos, como sindicato, quen máis interese ten en axilizar os trámites para a cobertura rápida das vacantes, mais os cambios non poden ir sempre na mesma dirección: a Consellaría pode mellorar e debe facelo.

A tal fin, presentamos algunhas propostas que entendemos que redundarían nun mellor funcionamento das listas:

- ▶ Ampliación dos **chamamentos** a **todos os días** da semana. Non se pode limitar a dous días. As normas pero tamén as datas e horas de chamamentos deben ser públicas.
- ▶ **Desequilibrio nos motivos das renuncias.** A duración das renuncias en función dos diferentes motivos está desfasada e non responde a criterios de equidade co motivo que leva á renuncia. Así, non existe límite para a ampliación de estudos e si o hai por ter outro contrato de traballo ou por ter fillos menores. Non ten sentido esta situación. Entendemos que require unha revisión.
- ▶ En primeiro lugar demandamos que se introduza a **renuncia a chamamentos durante un prazo máximo de 3 anos sen xustificación.** Neste momento todas as persoas poden limitar a 1 provincia os chamamentos ou renunciar a seren chamadas por determinados motivos. Cremos que debe favorecerse que se poida renunciar sen xustificación durante 3 anos con carácter xeral e que este prazos se poidan ampliar no caso dos motivos actualmente existentes, mesmo

fixando un tope de anos, se se acepta a nosa proposta.

- ▶ **A idade dos fillos ou fillas debe acomodarse á idade que con carácter xeral emprega a Xunta para a conciliación familiar** (reducións de xornada, etc.): 12 anos. Hai que ter en conta que outros prazos como o coidado de familiares non teñen límite. Na norma debe figurar a data na que se debe cumprir o requisito da idade: momento da renuncia, final de ano como nas concilia ou final de curso. Caso de non aceptar esta proposta con carácter xeral si debe terse en conta en caso de familias monoparentais ou crianzas con discapacidade como xa se fai para as comisións por conciliación.
- ▶ **Ampliación a calquera tipo de contratación para renunciar por ter un contrato de traballo:** autónomos, fixos discontinuos, indefinidos, a tempo parcial, empregado público nunha categoría inferior, etc... Unha traballadora de telemárketing ou dun centro comercial pode ter un contrato precario por moi indefinido que sexa. Debe ter opción a eses 3 anos de suspensión.
- ▶ **A consolidación na lista en caso dunha renuncia non debe depender dos seguintes chamamentos.** Neste momento só se acepta que unha persoa consolide en caso de renuncia se outra posterior na lista acepta unha praza. Entendemos que é discriminatorio e debe consolidar xa que polo posto que ocupa foi chamada e lle correspondía traballar.
- ▶ **Causas xustificadas para non presentarse aos procedementos selectivos.** No punto 12.4 cítase expresamente que a acreditación de enfermidade no día da presentación se entende como causa xustificada. Debe incorporarse tamén atoparse nas 6 semanas de

descanso obrigatorio após o parto ou adopción.

- ▶ **Restrición de chamamentos en concellos nos que non se imparte a especialidade.** A norma está clara para a petición de destinos no CADP mais despois non se fai o mesmo nos chamamentos e hai xente que reduce a concellos nos que non se imparte, vulnerando a norma sen que se comprobe pola Consellaría, o que implica un trato discriminatorio entre o profesorado.
- ▶ **Conversión en interinidades de todos os contratos de substitución cando a praza se**

**converte nunha vacante.** A Consellaría pasa a interinidade un contrato de substitución se se produce a xubilación do titular (ou calquera outro motivo que dea lugar a que a praza fique vacante). Mais restrinxe este dereito a que ese cambio se produza antes do 1 de xuño; en caso contrario non se transforma en interinidade. A CIG-Ensino están en desacordo con esta decisión e defende que non se fixe ningún límite, de tal maneira que se a praza queda sen titular se transforme o contrato automaticamente.

<b>CADP. DESTINOS PROVISIONAIS 2019-20. DATAS E PRAZOS</b>	
<b>Prazo para participar</b>	<b>Do 27 de xuño ao 17 de xullo</b>
<b>Listaxes de profesorado obrigado a participar</b>	<b>2 de xullo</b>
<b>Prazo de reclamacións ás listaxes de participación</b>	<b>5 días hábiles</b>
<b>Prazo para participar do profesorado que aprobe as oposicións</b>	<b>2 días hábiles desde a publicación da listaxe de persoas aprobadas</b>
<b>Resolución provisional (datas previstas)</b>	<b>Corpo de mestres: 26 de xullo. Corpos de Secundaria: 31 de xullo.</b>
<b>Renuncias e reclamacións</b>	<b>Corpo de mestres: 2 días hábiles após a resolución provisional. Corpos de Secundaria: até o 3 de setembro.</b>
<b>PROFESORADO INTERINO. Prazo para limitar as substitucións en determinados concellos ou provincias</b>	<b>Do 16 de xullo ao 17 de agosto</b>
<b>Resolución definitiva</b>	<b>Corpo de mestres: 1 de agosto. Corpos de Secundaria: 10 de setembro.</b>
<b>Toma de posesión</b>	<b>1 de setembro para o corpo de mestres. Na data prevista para a impartición efectiva das clases nos demais corpos</b>

## OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal